

**TRABALLO PARA REALIZAR ENTRE 25 DE MARZO E O 1 DE ABRIL**

*Cada alumno/a será responsable de ir realizando as seguintes tarefas. Non é obrigatorio entregalas agora, mais se alguén quere facelo pode envialas por correo para que sexan corrixidas pola docente. O correo de contacto é [olalla.linhares@gmail.com](mailto:olalla.linhares@gmail.com).*

**1. Fai un esquema das ideas principais e secundarias deste texto:**

Na sociedade do consumo masivo e tóxico, podemos ver a falta de solidariedade ante a crise do coronavirus. Hipermercados arrasados fronte a carros da compra cheos ata a indecencia. Non pensar no outro, na importancia de compartir os recursos, de entender que se o outro está ben, un estará mellor. Non somos capaces de velo. Non queremos. Acumular para min e para os meus, que non nos falte de nada, cero carencias, cero molestias, cero frustración...cero de todo a unha sociedade que non pode presumir de case nada. Tivemos a ocasión de amosar a nosa responsabilidade non saíndo ás rúas, evitando contactos e contaxios e non fomos quen. Tiveron que prohibilo.

Escoito as sanitarias da miña contorna. Temos sorte de ter xente ao servizo da nosa saúde que ama, respecta e defende a súa profesión e, polo tanto, o seu traballo. Elas sálvannos cada día. Sálvannos a nós a pesar de nós. Explican mil veces o mesmo. Din que o cansazo é máis psicolóxico que físico. O traballo didáctico mingua as forzas sobre todo cando unha parece ir a contracorrente. Tamén mingua a precariedade na que desenvolven a súa profesión, máis nestes días, onde dormen pouco e fan moitas gardas. Enfermeras eventuais, celadoras eventuais... nunha sociedade eventual onde todo ha de selo.

A xente maior sofre de abandono ao igual que as aldeas nas que habitan. Non é novo o recoñecemento que estas mulleres e homes merecen despois dunha vida de sacrificios constantes. Elas son a verdadeira identidade dun país fráxil ante o imprevisto, egoísta e opulento. Quero que alguén lles preste a atención que precisan nestes días para non poñer en risco a súa saúde e quero que os mozos entendan a importancia de coidar, atender e respectar aos nosos maiores. Desprezar as súas vidas é recoñecer que non somos merecedores de todo canto estas persoas fixeron por nós. A idade non determina as ganas de vivir. O que adoitan é resignarse ao designio pero iso non o fai menos doloroso nin cruel. Non merecen escoitar que a esas idades pouco se perde. Non banalizar o valor das vidas alleas paréceme tamén unha cuestión de saúde pública.

**Miriam Ferradás, *Nós Diario*, 21/03/2020 [adaptación]**

2. Elabora os teus apuntamentos sobre a vida e a obra de Manuel Curros Enríquez. Debes tomar como referencia as páxinas 324, 325, 326, 327 e 329 do libro de texto (os contidos da 328 -a lingua e o estilo- non entran).

Se tes interese, podes ampliar información sobre “o proceso de Curros” [neste breve vídeo](#). Isto de secuestrar libros aínda acontece hoxe en día. Que llo pregunten ao autor de [Fariña...](#)

